

Iria Morgade, historiadora: "O activismo pola memoria cuestiona o sistema político, que non foi de ruptura"

A historiadora Iria Morgade presenta esta quinta feira en Moaña (O Morrazo) a súa tese de doutoramento sobre o proceso de recuperación da memoria democrática durante a transición na Galiza. A autora da investigación *Sen rancor nin esquecemento. As accións da memoria traumática na transición en Galicia*, explica a *Nós Diario* os núcleos centrais do seu estudo.

Xacobe Ferreiro 11 de setembro de 2025

<https://www.nosdiario.gal/articulo/memoria/iria-morgade-historiadora-activismo-pola-memoria-cuestiona-sistema-politico-que-non-foi-ruptura/20250911080621233499.html>

—Como foi o proceso de recuperación de memoria democrática após a morte de Franco e que actividades se desenvolveron nese sentido?

A investigación amosa, en contra do relato dominante, que afirma que tras a morte de Franco se desenvolveu un consenso sobre o esquecemento ou do discurso sobre o pacto de silencio, que si existiu memoria. En definitiva, ambas as lecturas da transición negaron a existencia da memoria traumática no espazo público, tras a morte do ditador. O traballo certifica que nos primeiros 10 anos posteriores á morte de Franco desenvolvéronse accións memorialísticas. Neste sentido, a investigación arroxo o coñecemento dun rico ecosistema de accións da memoria cun rexistro de máis de 300 iniciativas, o que constata a existencia dun desexo de recordo nun tempo definido como o do esquecemento e do silencio. O que negou o relato do esquecemento foi a existencia de memoria. Parecía que non había nada, pero isto non era así. Os que fixeron memoria actuaron nunhas circunstancias moi complicadas, porque estaban cuestionando o relato dominante e porque a memoria cuestiona un sistema político que non foi de ruptura.

A represión contra o movemento da memoria foi moi dura neses anos, chegando a prohibirse a homenaxe a Bóveda en 1976.

—Moaña é o concello escollido para presentar este traballo, por que elixiu este municipio?

Moaña foi un concello pioneiro na primeira lexislatura democrática, na supresión de rúas dedicadas a vitimarios e na introdución no rúeiro dos nomes das vítimas. Por exemplo, xa en 1980 quitáronlle a Franco o nome dunha rúa que pasou a chamarse Ramón Cabanillas e dedicaron dúas rúas, unha ao sindicalista represaliado José Otero e outra ao mestre asasinado Manuel Juncal.

Moaña, un dos poucos concellos gobernados polo Bloque Nacional Popular Galego (BNPG) naquela altura, foi un exemplo de como a voz da sociedade civil se puido escoitar nas institucións, porque a proposta chegou de dous antigos membros do sindicato Fraternidade Mariñeira, ligado á CNT, Manuel Rúa e Manuel Chapela.

— Que papel xogou o exilio na recuperación da memoria e na restauración da figura de Alexandre Bóveda?

O exilio foi fundamental, foi o primeiro espazo no que se fixo memoria, organizándose as primeiras homenaxes xa en 1941. Castelao desenvolve Bóveda como protomartir para facer visíbel nel as demais vítimas da represión franquista. A primeira homenaxe a Bóveda na Galiza organizouse, como sinalai, en 1976 en Pontevedra e continúa a realizarse até hoxe. No ano 1977, que xa contou con autorización legal, xuntáronse 5.000 persoas no cemiterio de San Mauro, que despois acudiron ao centro da cidade de Pontevedra. Bóveda, pola forma en que morreu fusilado, era máis complicado de apropiarse que Castelao. Neste sentido, Bóveda nunca deixou de ser unha presenza incómoda.